Este Nadal, que mellor agasallo que a corresponsabilidade?

Compartir é corresponsabilizarse



Concello de Oleiros

Oes....

Quen decorou a casa?
Quen vai comprar as uvas?
Quen vai preparar a cea de Noiteboa? E a de Fin de Ano?
E a comida de Nadal? E a de Aninovo?

Quen vai poñer a mesa? E servila?
E recollela? E fregar a vaixela?
E limpar a cociña?

Ademais de ver ás amizades, á familia, durmir, comer turrón e desfrutar de longas sobremesas...estas datas tamén son un bo momento para observar, reflexionar e actuar!

Porque...

Que mellor agasallo que a corresponsabilidade?

Limpar o baño, poñer lavadoras, barrer, ir mercar, facer a cama, fregar...son cousas que non se fan soas.

Pero...

Como repartir as tarefas dunha forma equitativa e igualitaria?

Facede unha lista coas tarefas e consensuade quen se encargará de cada unha delas. Tamén podedes ir rotando as tarefas. Sexa como sexa ten claro que ....

Compartir é corresponsabilizarse

A decoración de Nadal é unha magnífica actividade para facer en familia... como tamén o é a recollida. Así que...facédea compartida!

Corresponsabilízate!

Non hai formas máis e menos axeitadas de pasar o Nadal. Cada quen faino como quere e pode. Pero ten en conta que o traballo en equipo lévase mellor, e non sobrecarga a ninguén.

A clave está na corresponsabilidade!

Durante as festas, as crianzas teñen máis tempo libre e apetécelles ocupar o tempo en mil plans diferentes.
Intentade rotar as responsabilidades de forma que non sempre as mesmas persoas se ocupen das tarefas do fogar e outras das actividades de lecer e tempo libre.

Repartide!

Por un Nadal igualitario e corresponsable!

Concello de Oleiros